

Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de Lugo.

Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación.

Expediente: IN408A 2020/087

Denominación do proxecto: Parque eólico Serra do Furco

Promotor: Enel Green Power España, SL

Asunto: Solicitud de informe técnico

Clave: DXDM 2022/0149

ANTECEDENTES

O 15/09/2022 solicitouse mediante o rexistro electrónico da Xunta de Galicia á Dirección Xeral de Defensa do Monte da Consellería do Medio Rural desde o Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de Lugo da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, un informe sobre o Estudio de Impacto Ambiental do "PARQUE EÓLICO SERRA DO FURCO", situado no concello de Becerreá na provincia de Lugo.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Tras consulta da información achegada obsérvase que na zona de actuación para a instalación do Parque Eólico Rodicio hai varios puntos de auga, e se ben non se prevén posibles afeccións que puideran impedir o correcto funcionamento das actividades de prevención ou posible extinción de incendios a executar, durante a execución das obras deberá velarse porque as infraestruturas forestais estean en todo momento operativas, transitables e libres de obstáculos, e de verse afectadas repoñelas o antes posible.

A Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia establece no seu artigo 20 bis - Redes primarias de faixas de xestión de biomasa, apartado c), as seguintes obrigas de xestión de biomasa:

"c) Nas instalacións de produción de enerxía eléctrica eólica deberá xestionarse a biomasa na superficie afectada de pleno dominio e voo, de acordo co establecido no





Plan sectorial eólico de Galicia, ao redor de cada aerogenerador de produción de enerxía eléctrica eólica instalado.

Así mesmo, nos camiños interiores das ditas instalacións a xestión da biomasa vexetal, no estrato arbustivo e subarbustivo, farase nos 5 metros desde a aresta exterior do camiño. Neste último suposto, non se exixirá a retirada de árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira.

.....

Para todas as instalacións indicadas nesta letra, a xestión da biomasa incluírá a retirada desta por parte da persoa que resulte responsable consonte o artigo 21 ter. "

A Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia no seu artigo 59. Cambio de uso forestal establece que:

"1. O cambio de uso forestal dun monte, cando non viñese motivado por razóns de interese xeral, e sen prexuízo do disposto no artigo 28.2 da presente lei e da normativa ambiental aplicable, terá carácter excepcional, requirindo informe favorable do órgano forestal e, no seu caso, do titular do monte.

2. A Administración forestal competente poderá regular un procedemento máis simplificado para a autorización do cambio de uso naquelas plantacións forestais temporais para as cales se solicitase unha reversión a usos anteriores non forestais.

INFORME

En base ó anterior e tendo en conta os condicionantes recollidos nas consideracións legais e técnicas de mantemento permanente da operatividade das infraestruturas forestais afectadas (pistas, devasas, depósitos contra incendios forestais,...), infórmase FAVORABLEMENTE a realización do PARQUE EÓLICO SERRA DO FURCO, situado no concello de Becerreá na provincia de Lugo.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O Director xeral de Defensa do Monte
Manuel Rodríguez Vázquez

